

A prehistoria miñorá I: O paleolítico

EDUARDO MÉNDEZ QUINTAS*

Sección de Xeografía, Historia, Arqueoloxía e Etnografía. Instituto de Estudos Miñoranos. / Clube Espeleolóxico Maíxo.

INTRODUCCIÓN

O mediodía galego, en especial o sistema de terrazas fluviais da bacía do río Miño, é unha área especialmente prolífica en achados paleolíticos. O Val Miñor non é unha excepción a esta realidade, xa que contamos cun importante número de achados propios destes recuados intres da prehistoria. Agora ben estes xacementos afástanse do emprazamento tipo detectado na bacía do Miño, xa que son as superficies precuaternarias das divisorias dos vales as que amosan a maior parte das evidencias de ocupación paleolítica. Aínda que as primeiras referencias aos achados desta época xa teñen certo tempo (Fernández 1930), a maior parte deles comezan a ser frecuentes a partir da década dos 70, caso da Chan do Cereixo (Garrido Rodríguez 1978; Vidal Encinas 1981; Villar Quinteiro 2003). A importancia do xacemento da Chan do Cereixo fixo que no ano 2006 o Instituto de Estudos Miñoranos, co apoio económico da Fundación “Pedro Barrie de la Maza”, e baixo a dirección de Rosa Villar, retomase a súa investigación arqueolóxica (Villar Quinteiro 2006). Este contou coa colaboración dalgúns dos mellores investigadores relacionados co estudo do Cuaternario a nivel peninsular: Manuel Santonja en arqueoloxía (Museo Arqueolóxico da Comunidade de Madrid), Alfredo Pérez-González en xeoloxía (Universidade Complutense) ou o equipo de Blanca Ruíz Zapata en paleobioloxía (Universidade de Alcalá de Henares). Así mesmo, e aínda que xeograficamente desligado do Val Miñor, dende este proxecto tivemos a fortuna de traballar no mellor xacemento coñecido de Paleolítico Inferior de Galicia, o de Portomaior no concello de As Neves (Méndez Quintas *et al.* 2006).

AGRADECEMENTOS:

Debemos facer constancia do noso máis sincero agradecemento a Antonio Araújo, Alfonso Comesaña, Xilberte Manso e Manuel Ledo pola cesión e os valiosos comentarios sobre parte dos lotes de industria aquí presentados. Así mesmo agradecer aos meus colegas do C.E. Maíxo e do IEM por toda a colaboración prestada ao longo destas investigacións: José B. Costas, Xavier Groba, Marcos Vaqueiro e Xosé Lois Vilar.




Fig. 1. Mapa de localización dos xacementos mencionados no texto. 1. Barrio da Mámoa, 2. Chan de Laghoas, 3. Vilares-O Viveiro, 4. Casa de Couso, 5. Tornalumes de Peneites, 6. Monte Avilleira, 7. Laghoa dos Bromús, 8. As Paracháns, 9. Chan de Prado, 10. Chan do Cereixo, 11. Curro de Mougás, 12. Baiña, 13. Belesar, 14. Praia da Barbeira, 15. Santa Marta, 16. Foz do Miñor, 17. A Insua, 18. Praia de Patos, 19. Vilaríño, 20. As Chans, 21. Os Concellos e 22. Parque Forestal de Gondomar.

APUNTES XEOGRÁFICOS E XEOLÓXICOS DO VAL MIÑOR

O Val Miñor sitúase na costa suroccidental de Galicia ao sur da Ría de Vigo. Este componse de dúas concas fluviais diferentes: a do río Muíños ao Norte e a do río Miñor ao Sur. O val aparece delimitado por unha serie de lenes elevacións duns 400 m. de altitude de media, como é o caso do Maúxo, polo Norte, ao Sur de Vigo. Nalgún caso poden chegar a superar os 700 m. e presentar unha fisionomía máis abrupta como é o caso da Serra do Galiñeiro. Cara ao Sur atopámonos coas saias da Serra da Groba¹ e unha ampla sucesión de chairas, entre as que podemos destacar a Chan do Cereixo, que supoñen o límite natural coa bacía do río Miño. Estes macizos orográficos só desaparecen cara ao poñente por onde se abre a Enxada de Baiona ao Océano Atlántico (Fig. 1). O substrato rochoso conformase por unha sucesión de graníticos alcalinos e calcoalcalinos maioritariamente hercínicos que aparecen flanqueados por complexos metamórficos coñecidos como “Monteferro-O Rosal” e “Vigo-Tui”, de idade Ordovícica-Silúrica (entre 480 e 416 millóns de anos). O complexo Monteferro-O Rosal atópase na área occidental e componse de dúas series: “complexo Xisto-Grauwáckico” (minoritario en extensión e formado por micaxistos, cuarzoaxistos e paragneises) e a “serie Supraordovícica” (con maior extensión espacial e composta por xistos, micaxistos e lousa). O Complexo “Vigo-

Tui” aparece na banda oriental do val e componse por paragneises e gneises, para-anfibolitas e micaxistos (Pliego Dones *et al.* 1981). Así mesmo o final do curso do río Muíños está labrado sobre un abano aluvial limo-argiloso, con intercalacións de areas e gravas, propia de intres serodios do Pleistoceno (Nonn 1966) (Fig. 2). O río Muíños atópase na área máis setentrional do val, separado da conca do Miñor no seu curso medio-alto polas alturas do Monte Castelo. Presenta menor percorrido e caudal que o río Miñor, pero comparte con el unha cabeceira fortemente encaixada no substrato granítico e un amplo val de fondo plano. O Miñor amosa maior lonxitude e na desembocadura forma unha ampla marisma intermareal delimitada polo Oeste por unha barra areosa, que non chega a obstruír a súa saída ao mar (Cano Pan *et al.* 1997). Nas beiras destes dous ríos atopamos diversas superficies de erosión fluvial pouco extensas, que se presentan a modo de complexos sistemas de glacis-terraza, testemuña do recursivo encaixamento dos ríos ao longo do Pleistoceno. Os relevos que circundan o val teñen unha orixe moito máis antiga podéndose observar diversas superficies aplanadas que se relacionan coas sucesivas fases de arrasamento do terreo dende o Mesozoico (Martín Serrano 1994). Sobre estas superficies de erosión discorren abundantes cursos fluviais de escaso caudal e/ou carácter temporal, que drenan cara aos colectores primarios do Val Miñor ou dos vales veciños. Estes pequenos cursos fluviais presentan un curso escasamente encaixado (testemuña do seu escaso poder erosivo), recheo de sedimentos finos con alto contido orgánico e areas con gravas propias de dinámicas máis enérxicas. A franxa litoral veciña amosa as pegadas das oscilacións do nivel mariño durante o Pleistoceno. No tramo de costa entre Baiona e A Guarda atópanse cinco niveis erosivos e acumulativos con altitudes comprendidas entre os +65 m e menos de +5 m, así como varias covas fósiles (furnas); A Furna das Figosas e A Furna da Lagoa tamén coñecidas como as covas de Baredo (Vidal Romani e Vaqueiro Rodríguez 2007). Aínda que a súa orixe non esta de todo claro, unha parte destes niveis relaciónanse coa acción mariña (Cano Pan *et al.* 1997). Sirva de exemplo a praia fósil de +1-2 m da Enseada da Abra ou Praia da Abra (Vilar Pedreira 2006), mal denominada como Praia de Patos (Nonn 1966; Butzer 1967) (Fig. 3). A súa cronoloxía pode situarse entre o Pleistoceno Medio e o Superior (EIO 5), é dicir fai algo máis de 100.000 anos (Zazo *et al.* 2004).




Fig. 2. Depósitos pleistocenos a altura do Camping de Praia América. Obsérvase a alternancia de niveis de gravas e arxilas e os bruscos cambios laterais de facie, propios dun abanico aluvial.

	NIVEL	TEXTURA	CONTACTO	ESTRATIFICACIÓN	MEDIO
I		Areas finas e gravas dispersas	Escaso	Mistos	Acumulacións eólica marítima (Dunas Hérxicas)
II		Gravas subdivididas regulars por áreas finas	Escaso	Colmatacións locais	Depósito fluvial (Planicie Superior?)
III		Gravas e áreas dispersas de areas finas	Escaso	Colmatacións locais	Terrasas marítimas +1-2 m (Planicie Medio-Superior) (Patos)
IV		Espesura e posición do conchaleo necesario (Nivelos 4) Escudo (Foz de Barba)-Blanca			Superficie de erosión fluvial

Fig. 3. Estratigrafía sintetizada dos depósitos sedimentarios da Enseada da Abra (Praia de Patos).




Fig. 4. Estratigrafía esquematizada dos depósitos da Chan de Lagoas.




Fig. 5. Esquema diacrítico da lasca levallois de cuarcita do xacemento de Chan de Lagoas. Nótese a supresión do talón e a creación dunha punta (bec) mediante dúas escoladuras alternas.

OS XACEMENTOS PALEOLÍTICOS DO NORTE DO VAL: O MAÚXO

O Maúxo é un amplo macizo orográfico que se eleva ata os 450 m. de altitude e presenta unha morfoloxía netamente redondeada, no que destacan varios elevacións, caso do Outeiro Grande. Xeograficamente supón a divisoria entre os vales do Frago e o Miñor. Nesta zona constatamos dúas superficies de erosión precuaternaria principais: unha a 250-350 m. e outra a 400-450 m. Á súa vez estas superficies están drenadas por una complexa rede fluvial tributaria das concas do Frago e Miñor. (Fig. 1). A presenza de materiais arqueolóxicos tallados neste zona sábese dende os anos 70, como exemplo temos a nova dun útil bifacial de cuarcita localizado na Barrio da Mámoea en Priegue (Rodríguez e Díaz 1973). A pesar disto o parco da nova dificulta establecer a cronoloxía da mesma. Non será ata os anos noventa, e grazas aos traballos do *Clube Espeleolóxico*

Maúxo, cando o número de xacementos con industrias claramente paleolíticas aumente substancialmente (Groba González 2004). Así, todos os xacementos coñecidos desta zona identificáronse casualmente por membros do mencionado colectivo *Maúxo*, entidade que colaborou coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia na súa catalogación. En todos os casos, os materiais encóntranse hoxe depositados nos museos de Pontevedra e/ou “Quiñones de León” de Vigo.

CHAN DE LAGOAS (CORUXO, VIGO)

Esta é a superficie máis elevada do Maúxo que se corresponde coa paleosuperficie máis antiga, onde teñen a súa orixe varios cursos fluviais como é o caso do río Leixade, un dos que vai dar ao río da Rega, afluente do río Lagares, e do río que nacendo na Fonte do Sapo baixa polo Carbaloso ata o mar fronte a Toralla. O seu réxime é nestas cotas estacional, cando non se atopan definitivamente abandonados. Tamén contamos coa existencia de acumulacións superficiais de auga, que no caso que nos ocupa forma una pequena lagoa, que lle dá nome ao lugar. A zona viuse afectada recentemente (ano 2005) por obras incontroladas de grande magnitude, dentro da área de cautela arqueolóxica inherente a unha mámoa e a

varios grupos de gravados rupestres prehistóricos, alterando substancialmente a morfoloxía orixinal do terreo e favorecendo a aparición de material arqueolóxico. A existencia de varias pistas forestais deunos a oportunidade de describir parte da secuencia estratigráfica dun deses cursos fluviais abandonados (Fig. 4). Nesta zona membros do Clube Espeleolóxico Maúxo (C.E.M) localizaron 12 elementos líticos que polas súas características representan cando menos dúas épocas diferentes: unha paleolítica, da que nos ocupamos aquí, e outra da Prehistoria Recente. Os útiles considerados como paleolíticos son 5: 3 bifaces, 1 fendedor e 1 lasca levallois todas elas con notables trazas de rodamento. Estratigraficamente conséntase a súa relación co nivel de gravas basal (Nivel II) amplamente documentado na zona (Costas Goberna *et al.* 2007). A lasca levallois é un magnífico exemplo do tipo levallois preferencial unipolar realizada sobre cuarcita e cunhas medidas de 76x54x18 mm. Está

parcialmente regularizada con retoques marxinais alternos (bec) e suprimíuselle parte do talón, quizais con vistas ao seu encabamento (Fig. 5). O fendedor está realizado sobre lasca de descortizado de cuarcita (116x93x42 mm). Presenta retoques directos simples bilaterais que definen unha silueta en U. Estes non afectaron nin ao talón nin ao bulbo que se atopan intactos. O fio amosa marcas de uso ou alteración (Fig. 6). O grupo dos bifaces está composto por sendos amigdaloides (144x99x47 e 90x77x42 mm) e un protolimande (168x100x61 mm). A materia prima empregada é en dous casos a cuarcita e noutro o cuarzo, circunstancia excepcional xa que as características deste tipo de rochas dificulta a obtención deste tipo de artefactos (Fig. 7). Os soportes orixinais foron respectivamente un canto rodado, un canto anguloso e no terceiro caso non se puido identificar debido ao elevado número de levantamentos que amosa. As arestas non son excesivamente sinuosas e presentan regularizacións puntuais.

VILARES-O VIVEIRO (CAMOS, NIGRÁN)

Agora estamos na paleosuperficie inferior da vertente meridional do Maúxo, debaixo de Sanomedio. Aquí atopamos os tramos medios-altos de varios cursos fluviais de escaso caudal, carácter estacional e parcialmente abandonados. Estes




Fig. 6. Fendedor sobre lasca de descortizado de cuarcita con retoques de laterais unificiais do xacemento de Chan de Lagoas.




Fig. 7. Bifaz protolimande realizado a partir dun bloque subredondeado de cuarzo do xacemento de Chan de Lagoas.

	NÍVEL	TEXTURA	CONTACTO	ESTRATIFICACIÓN	MEDO	ARQUEOLOXÍA
	I	Unico estrato	Escaso	Morosa	FLUVIAL (Depósitos de fondo de canal)	C ¹
	II	Grupos de unidades estratificadas (estratos de caliza, gresos)	Escaso	Morosa (f. emp. heteroxeno)		Palaeolítico Posición Secundaria
	III	Laminar eólica	C ¹	Morosa		C ¹

Fig. 8. Estratigrafía sintetizada dos depósitos fluviais de Vilares (Sector fonte).




Fig. 9. Bifaz protolimande sobre lasca de cuarcita da zona de O Viveiro.

teñen a súa orixe nas fontes da Chan de Lagoas, pero que neste caso verten as súas augas na conca do río Muíños.

Como no caso anterior a existencia de pistas forestais e a ampliación dunha fonte, permitiu a membros do C.E.M a identificación casual de material arqueolóxico, así como a visión parcial da secuencia estratigráfica dunha destas vagoadas (Fig. 8). A industria lítica recuperada tanto en superficie como en contexto estratigráfico ascende a uns 48 elementos, que coma no caso anterior, son mostra de cando menos dúas épocas prehistóricas (Méndez Quintas 2005a). Sendo estritos podemos afirmar que 12 destes artefactos poden considerarse de época paleolítica: 3 lascas, 2 núcleos, 1 percusor, 2 útiles en lasca e 4 bifaces, todos eles con xeneralizadas trazas de rodamento.

O percusor é un espeso canto rodado de cuarcita (103x110 x75 mm) que amosa nítidas marcas de

percusión. As lascas son en todos os casos de cuarcita, conservando escasas mostras da codia dos nódulos orixinais. As súas dimensións oscilan entre os 57-22x39-31x30-18 mm. Os núcleos son de tipo bifacial e atópanse realizados sobre sendos cantos rodados de cuarzo e cuarcita (64x85x35 e 111x74x47 mm). Presentan un moderado número de extraccións o que redunda nun escaso aproveitamento dos soportes. Os útiles en lasca son dúas raedeiras dobres: unha biconvexa e outra recto-convexa. A raedeira biconvexa está realizada sobre una lasca primaria de cuarcita (44x53x8 mm). A segunda ten como soporte una lasca laminar primaria de talón liso (98x46x20 mm).

Todos os bifaces están realizados en cuarcita. As súas morfologías son certamente variadas. Un é de silueta oval sobre canto rodado (101x79x44 mm) que conserva codia en ambas caras e ten as arestas parcialmente regularizadas. Outro presenta unha silueta indeterminada (¿cordiforme?) por mor das múltiples fracturas que amosa, amais de estar intensamente erosionado. Como soporte parece que se empregou unha lasca primaria (110x80x34 mm), sendo as arestas resultantes rectilíneas, por mor dunha coidada regularización. Un protolimande sobre lasca primaria espesa (139x79x54mm) de arestas lixeiramente sinuosas (Fig. 9). Por último, atopamos un de fio transversal estreito, de carácter parcial sobre canto aplanado. Amosa gretas e fracturas recentes (115x64x37 mm).

CASA DE COUSO (CHANDEBRITO, NIGRÁN)

Sobre a mesma superficie que no anterior lugar, no extremo oriental do Maúxo xa nas estribacións do Cepudo-Monte Alba (Valadares, Vigo) atopamos una complexa sucesión de cursos fluviais abandonados que drenan tanto cara á bacía do Fragoso como cara ao Muíños-Miñor.

A zona viuse afectada, a comezos dos 90, por obras de canalización de augas para a cal se escavou unha extensa gabiá, que seccionou o tramo central dun curso abandonado (Costas Goberna e Groba González 1997). Entre as terras desta obra membros do C.E.M documentaron algúns materiais paleolíticos, aínda que con posterioridade puidemos ter acceso a novas pezas localizadas en conexión estratigráfica na base do depósito (Fig. 10).

A industria lítica recuperada nesta estación componse de 5 pezas: 1 denticulado sobre lasca, 2 núcleos, 1 bifaz e 1 fendedor todos eles cun dispar estado de conservación. Os núcleos están elaborados sobre cantos rodados de cuarzo, sendo respectivamente os seus sistemas de explotación unifacial e multifacial (126x76x51 e 56x47x36 mm). A intensidade de explotación é diferente xa que mentres o unifacial amosa unha curta serie de lascas o multifacial atópase nunha avanzada fase de explotación. O denticulado está realizado sobre una lasca secundaria de cuarcita de talón parcialmente suprimido (76x75x62 mm). O retoque é lateral simple, directo e marxinal.

O bifaz é un magnífico exemplar de morfoloxía lanceolada (Fig. 11). Está realizado sobre un canto de cuarcita de gran fino e morfoloxía aplanada (185x93x37 mm). O seu aspecto é totalmente simétrico e amosa pequenas porcións de codia no interior das súas facianas. As arestas resultantes son marcadamente rectilíneas. Na súa confección empregáronse tanto percusores duros (no desbastado inicial da peza) coma brandos (na finalización do artefacto), contabilizándose ademais gran número de levantamentos (máis de 90).

O fendedor é tamén un curioso exemplo do tipo II realizado a partir dunha lasca secundaria de talón liso en cuarcita (151x87x42 mm). Amosa un importante labor de retoque, conservando unicamente codia na zona do fio, o que lle confire unha marcada silueta en V. Este é de tipo directo, marxinal, abrupto no lateral esquerdo (creando un verdadeiro dorso) e bifacial, profundo, simple no dereito que adelgaza a peza coa supresión do bulbo de percusión (Fig. 12).




Fig. 10. Estratigrafía esquematizada dos sedimentos de Casa de Couso.




Fig. 11. Magnífico bifaz lanceolado realizado sobre canto de cuarcita de Casa de Couso. Nótase a intensa labor de retoque que amosa, así como a lograda simetría frontal e a regularidade da aresta.




Fig. 12. Fendedor realizado sobre lasca secundaria de cuarcita de Casa de Couso. Amosa traballo bifacial e a creación no lateral esquerdo dun dorso marcado.




Fig. 13. Bifaz de silueta protolimande procedente do Tornalumes de Peneites.

TORNALUMES DE PENEITES (CHANDEBRITO-NIGRÁN, CORUXO-VIGO)

Vertente de considerable pendente que se estende entre as paleosuperficies principais do Maúxo. Á súa vez a ladeira aparece percorrida por un curso fluvial abandonado tributario da conca do río da Rega. Hai varios anos esta zona foi seccionada por un cortalumes, aínda que non permite ter acceso a un perfil completo. Tense constancia da existencia dun nivel de gravas subredondeadas de cuarzo sobre o que descansa un fino paquete de limos e areas con alto contido orgánico típico dun horizonte A de solo. Todo isto parece depositarse directamente sobre o granito de dúas micas alterado.

Se ben existía unha colección de material paleolítico composto por 4 elementos de cuarcita con trazas de erosión: 1 lasca, 2 núcleos e 1 bifaz (Costas Goberna e Groba González 1997), recentemente membros do C.E.M volveron localizar casualmente un bifaz. Este é dunha curiosa forma protolimande (102x51x36 mm). Está realizado sobre cuarcita de gran fino, pero o intenso grao de reavivado que amosa impide a identificación da matriz orixinal. As arestas resultantes desta intensa actividade de talla son moderadamente rectilíneas, aínda que a utilización do percusor brando non se pode identificar (Fig.13).

MONTE AVILLEIRA (CORUXO, VIGO)

A pouca distancia do punto anterior, pero xa na vertente que vai cara o val do Fragoso, temos novas grazas a membros do C.E.M doutra estación con industria lítica. Estamos no mesmo curso que no caso anterior, aínda que a unha cota máis baixa. A existencia de pistas e remocións incontroladas do terreo permítenos ter acceso a unha parte do depósito da zona. Estratigraficamente pódese dicir que estamos perante un contexto moi similar ao de Peneites, onde constatamos un espeso paquete de gravas e cantos subredondeados asentados sobre o granito alterado. Este nivel aparece recuberto por un nivel de limos con alto contido orgánico.

Na zona recuperáronse de xeito casual un pequeno lote de industria lítica que coma outros casos parecen ser mostra de varios intres prehistóricos. No caso que nos interesa coñécese un limitado numero de pezas que amosan un importante grao

de rodamento. Entre estes atopamos unha raedeira transversal, unha peza nucleiforme e unha lasca desbordante todas en cuarcita.

OS XACEMENTOS PALEOLÍTICOS DO LESTE DO VAL: A SERRA DO GALIÑEIRO

A Serra do Galiñeiro é un considerable accidente xeográfico de 706 m. de altitude, que o converte no teito da zona. O seu aspecto é completamente diferente ao do resto do relevo circundante onde destaca polo seu carácter abrupto. Xeograficamente os seus cumes representan a divisoria entre as concas do Louro (Leste) e Miñor (Oeste) (Fig. 1).

Centrándonos na morfloxía da súa vertente occidental, esta caracterízase pola existencia de varias paleosuperficies recubertas por depósitos de ladeira e percorridos por diversos afluentes do río Zamáns, principal afluente do río Miñor. Estes tributarios alternan un curso escasamente encaixado sobre as superficies de erosión, con outro moito máis abarrancado entre as vertentes que comunican as diferentes chairas residuais. Coma no caso anterior, estes cursos fluviais soen ter un curso intermitente ou practicamente abandonados.

Os depósitos de ladeira preséntanse como un coluviión formado por gravas e cantos subredondeados e angulosos de cuarzo, soportados por limos e areas ou nalgúns casos sen matriz. Estes depositanse directamente sobre o granito meteorizado. Á súa vez sobre estes atopamos un solo orgánico de cronoloxía subactual.

LAGHOA DOS BROMÚS (VINCIOS, GONDOMAR)

Atopámonos no extremo distal da paleosuperficie sobre a que se estenden as cabeceiras de varios cursos fluviais activos. Trátase dunha superficie ciscada de constantes afloramentos dómicos de granito de tamaño variable. Actualmente na zona podemos observar amplias áreas palustres de carácter semipermanente relacionadas co afloramento de mananciais naturais. Esta zona é sumamente coñecida na historiografía arqueolóxica galega xa que nela se atopan os coñecidos gravados rupestres de “Auga da Laxe” (Costa Goberna e Fernández Pintos 1984).

A construción e posterior erosión das pistas forestais posibilitou a localización casual de industria lítica, por parte de membros do C.E.M, e da visión completa da secuencia estratigráfica (Fig. 14). Como é característico dunha gran parte dos xacementos paleolíticos da zona as industrias antigas aparecen mesturadas con materiais propios de intres máis recentes (Méndez Quintas 2005b; Méndez Quintas e Costa Goberna, 2003). Os materiais clasificados como paleolíticos son 5 útiles: 3 núcleos, 1 fendedor e 1 bifaz con significativas trazas de erosión. Estratigraficamente podemos asegurar que a súa orixe está no Nivel II, mentres que o resto dos materiais proceden do solo orgánico superior (Nivel I).




Fig. 14. Estratigrafía sintetizada dos depósitos de ladeira da Laghoa dos Bromús.




Fig. 15. Bifaz amigdalóide parcial realizado sobre canto rodado de cuarcita da Laghoa dos Bromús.




Fig. 16. Fendedor tipo I sobre lascas de descortizado de cuarcita con escasos retoques de acondicionamento da Laghoa dos Bromús.

Os núcleos son de cuarcita e amosan sistemas de explotación polifacial. As súas dimensións están comprendidas entre os 112-98x80-61x68-50 mm. Presentan un elevado número de levantamentos, que diminuíron considerablemente o volume orixinal dos soportes. O bifaz é unha forma parcial amigdalóide sobre canto rodado de cuarcita (144x86x46 mm). A talla afectou unicamente a unha das caras restando enteiraamente reservada a outra (Fig. 15). As arestas son moderadamente regulares e presentan algunha regularización puntual. O fendedor é un característico tipo I realizado sobre lasca de descascado de cuarcita (135x96x44 mm). Apenas presenta retoque de acondicionamento algún e o fío distal parece presentar sinais de uso (Fig. 16).

Nun punto non demasiado afastado do anterior, nas Paracháns, atopouse máis industria paleolítica. Agora estamos perante unha ladeira de elevada pendente, atravesada por un curso fluvial estacional. O depósito parcial-

mente documentado está formado por un espeso paquete de limos e areas masivas con alto contido en materia orgánica e sinais de hidromorfismo. Este parece descansar directamente sobre o substrato granítico. Unicamente se detectou un núcleo con sistema de explotación unifacial de cuarcita de grandes dimensións (165x88x67 mm) e intensamente erosionado (Méndez Quintas 2005b; Méndez Quintas e Costas Goberna, 2003).

CHAN DE PRADO (MORGADÁNS, GONDOMAR)

A Chan de Prado ou Chan das Moutas é unha amplía planicie que se estende ao Sur da Serra do Galiñeiro. Esta superficie atópase cruzada por diversos regatos de pequena importancia, que verten as súas augas fundamentalmente cara ao Val Miñor. Asociados a estes son comúns as areas permanentemente encharcadas. Na zona observamos diversas infraestruturas (pistas, circuítos de cross...) que amosan un espeso nivel de gravas subredondeadas asentadas directamente sobre o granito alterado. A súa orixe parece moi semellante a do restos dos niveis detectados nos puntos máis setentrionais da serra.

No IEM temos referencias orais da presenza de industria de filiación paleolítica ao longo de toda esta zona. Os materiais máis comúns para esta época son os bifaces e algúns núcleos realizados todos eles sobre cantos rodados de cuarcita, con

marcados sinais de erosión. A falta de máis datos imposibilita a extracción de mellores conclusións, aínda que a potencialidade do xacemento parece importante.

OS XACEMENTOS PALEOLÍTICOS DO SUR DO VAL: CHAN DO CEREIXO E A SERRA DA GROBA¹

Cara ao sur do val atopamos unha ampla sucesión de penechairas propias da superficie precuaternaria de 400-450 m. Nesta zona asistimos ao nacemento de varios ríos de importancia, o Cereixo que verte a súas augas cara ao val do Miño e o Groba que vai cara ao val Miñor, circulando fortemente encaixado nas estribacións setentrionais da serra do mesmo nome (Fig. 1).

CHAN DO CEREIXO (DONAS-GONDOMAR, PINZÁS-TOMIÑO)

Este é un dos xacementos paleolíticos máis coñecidos da prehistoria Galega. Como xa se apuntara antes o IEM desenvolve un proxecto de investigación, baixo a dirección de Rosa Villar, no que os resultados serán publicados proximamente, polo que incidiremos pouco neste aspecto. Jaime Garrido recuperou máis de 300 pezas realizadas case exclusivamente en cantos rodados de cuarcita. Este lote componse dun número variable de lascas e núcleos (Fig. 17), acompañados dun importante conxunto de bifaces (Fig. 18) e fendedores de características tipicamente achelenses (Garrido Rodríguez 1978; Vidal Encinas 1981; Villar Quinteiro 2003). Agora ben, a serie colección mostra evidentes sinais de heteroxeneidade cronolóxica, como demostra a presenza de materiais propios de etapas postpaleolíticas.

A SERRA DA GROBA (BAIONA, OIA E TOMIÑO)

Este amplo bastión orográfico esténdese de xeito meridiano dende Baiona ata a desembocadura do río Miño na Guarda, agacha unha potencialidade arqueolóxica excepcional, aínda hoxe en perigo ante o proxecto de construción dun parque eólico. Na actualidade coñécense varios puntos ao longo da serra onde se documentaron industrias líticas. Nalgúns casos a identificación entre os materiais de




Fig. 17. Lascas e núcleo levallois en cuarcita do xacemento da Chan do Cereixo. Destacar no caso da lasca a supresión do talón e aplicación de retoques para a configuración dunha escotadura. O núcleo é un logrado exemplo de núcleo levallois recorrente que amosa unha coidada preparación do volume e do plano de percusión.




Fig. 18. Bifaz lanceolado sobre lasca de cuarcita da Chan do Cereixo. Amosa un coidado traballo bifacial, así como unha retalla máis coidada realizada con percusor brando.




Fig. 19. Bifaz amigdalóide sobre lasca de cuarcita procedente das proximidades do Curro de Mougás.

elementos tipicamente paleolíticos, como é o caso dos bifaces, permite asegurar a presenza de grupos humanos desta época na zona.

As primeiras referencias falan da existencia de diversos materiais tallados sobre cuarcitas recuperados entre as parroquias de Belesar e Baiña (Filgueira Valverde e García Alén 1975). Unicamente a referencia á localización dun “fendedor” permite supor que se trate de materiais paleolíticos.

Neste senso cabe citar a recente descuberta de Xilberte Manso, nas proximidades do Curro de Mougás, de varias pezas que polas súas características pódense adscribir a esta época. Neste caso destaca un bifaz realizado sobre unha lasca de cuarcita de morfoloxía amigdalóide (126x84x41 mm) e silueta asimétrica, con retoque secundario nun dos seus fios, que parece propio dunha raedeira (Fig. 19).

OS XACEMENTOS PALEOLÍTICOS DA COSTA E DO INTERIOR DO VAL

O número de descubertas de restos paleolíticos na área costeira do val son en moitos casos menos explícitas e máis problemáticas. Os lotes de industrias en sílex da Praia da Barbeira, Santa Marta, a Foz do Miñor e a Insua teñen na nosa opinión un evidente carácter alóctono (Méndez Quintas 2002). A pesar disto tamén se coñecen evidencias de industrias realizadas sobre cuarcitas na propia Praia da Barbeira (Filgueira Valverde e García Alén 1975) e na Praia da Abra (Fernández 1930; Rodríguez e Díaz 1973; Vázquez Rozas 1997). A presenza entre estes materiais de verdadeiros picos de morfoloxía asturiense e a falta doutros elementos máis definitorios parece remitir estes materiais a unha época postpaleolítica, xa de cronoloxía holocena. Agora ben, no IEM, temos referencias orais da localización na mesma Praia da Abra dun bifaz, que deixaría aberta a posibilidade de atopar outros materiais de época paleolítica na costa.

No interior do Val Miñor coñecemos outras localizacións de material paleolítico, aínda que nun número substancialmente inferior á doutras áreas. Con independencia da referencia dun achado de X. M^a. Álvarez Blázquez en Vilariño (Rodríguez e Díaz 1973) sabemos dalgúns puntos con industrias claramente paleolíticas. Aínda que son referencias pouco precisas, durante o control arqueolóxico das obras da Autoestrada do Val Miñor, alá polo ano 1997, documentáronse en varios puntos do trazado evidencias de industrias líticas. Nalgúns casos estes son propios de intres postpaleolíticos, como é o caso do sensacional enterramento megalítico dos Consellos, en Parada, Nigrán (Cano Pan *et al.* 2000), pero noutros estamos ante verdadeiros artefactos paleolíticos, como é o caso de varios bifaces. Unicamente a publicación *in extenso* dos resultados dos controis e das escavacións arqueolóxicas realizadas por mor desta infraestrutura permitirá maiores precisións.




Fig. 20. Núcleo unifacial reutilizado como percusor en cuarcita das Chans.




Fig. 21. Bifaz-útil realizado sobre lasca de descortizado de cuarcita procedente do Parque Forestal de Gondomar.

Nas **Chans de Camos ou Chans do Monte Castelo** (Camos, Nigrán) colegas do C.E.M (Costas Goberna e Groba González 1997) identificaron materiais desta época no trazado de pistas, camiños e repoboacións. A construción dun circuíto de autocrós ilegal entre xuño e xullo de 2005, destruíu varias mámoas e xacementos arqueolóxicos tanto paleolíticos coma da Prehistoria Recente. Estamos, como noutros casos, perante unha superficie de erosión precuaternaria. Debido á entidade dos desmontes producidos pola realización da “pista de autocrós” non puidemos ter unha visión clara dos depósitos alí existentes. A pesar disto podemos identificar un homoxéneo horizonte edáfico areo-limoso e alto contido orgánico, que asenta directamente sobre os granitos alterados, no que esporadicamente se identifican acumulacións máis ou menos espesas de cantos e gravas subredondeados, con continuidade lateral pouco definida e que se poden relacionar coa existencia de depósitos fluviais.

O lote inicial considerado como paleolítico estaba composto por dúas pezas de cuarcita: un canto tallado bifacial e unha lasca retocada (Costas Goberna e Groba González 1997). A revisión posterior destas pezas permite observar como o que fora identificado como un canto tallado é en realidade a metade basal dun bifaz fracturado seguramente durante o proceso de afiado. Con posterioridade e relacionado coa devandita construción da pista de autocrós documentáronse novos materiais tanto de cronoloxía paleolítica, como postpaleolítica. Estes están depositados polo C.E.M no Museo de Pontevedra e postos a disposición xudicial. Os novos elementos considerados como máis antigos son dous e atópanse intensamente erosionados e realizados en cuarcita. A primeira delas é unha lasca cortical de cuarcita de talón diedro e bulbo non desenvolto por mor dun plano de xistosidade (77x79x27 mm). Por outro lado temos un núcleo unifacial, intensamente empregado como percusor, realizado nun canto de cuarcita de considerables dimensións (121x76x65 mm) (Fig. 20).

Xa no sur do val, no Parque Forestal de Gondomar, por riba do Pazo do Conde de Gondomar, Antonio Araúxo, localizou en superficie unha peza de cuarcita con evidentes sinais de rodamento. Trátase dun bifaz-útil de morfoloxía oval realizado sobre lasca de descascado de cuarcita (191x90x46 mm). Aínda que morfoloxicamente responde ao que se coñece como un bifaz, a ausencia dunha xestión bifacial do soporte (a talla unicamente afecta a cara ventral da lasca) e as características do mesmo recordan máis o retoque propio dunha raedeira (Fig. 21).

CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PALEOLÍTICO MIÑORANO: O ACHELENSE

A CRONOLOXÍA DA OCUPACIÓN PALEOLÍTICA

Como se pode observar, o número de puntos con industrias propias de intres recuados da prehistoria son numerosos no Val Miñor. Estes materiais soen aparecer en superficie, aínda que contamos con exemplos en contexto estratigráfico. A mosan un rodamento xeneralizado o que suxire que estamos perante industrias en posición secundaria. A filiación cultural destas industrias é en moitos casos complicada, tanto polo baixo número de efectivos, como pola máis que evidente mestura de momentos diferentes a causa da acumulación secundaria das industrias.

A existencia, máis o menos constante, de bifaces e algúns fendedores nas coleccións invita a relacionar o groso destes materiais coa tecnoloxía achelense do Pleistoceno Medio, ben coñecida a nivel peninsular e rexional (Santonja e Villa 2006; Méndez Quintas *et al.* 2006; Méndez Quintas 2007). Agora ben, énos imposible afirmar a existencia de materiais propios de intres posteriores como é o caso do Paleolítico Medio. Aínda que entre os materiais considerados, temos claros exemplos de produtos levallois e de raedeiras ben formalizadas, non podemos asegurar que pertenzan a este intre. A súa existencia está comprobada nas industrias achelenses da zona, aínda que no caso do método levallois este é limitado (Méndez Quintas 2008). Do mesmo xeito cos datos actuais tampouco podemos afirmar a existencia de materiais propios dos tecnocomplexos do Paleolítico Superior. Fóra desta consideración atópanse os “picos” de morfoloxía asturiense documentados na costa e que podemos vincular, sen demasiados problemas, con intres postpaleolíticos (Meireles 1992; Cano *et al.* 1997).

No caso dos materiais en contexto estratigráfico, a falta de estimacións cronolóxicas fiables impídenos precisar unha atribución cronolóxica. Se a isto lle sumamos o contexto secundario dos materiais, a indeterminación cronolóxica é máis que evidente. Os recheos sedimentarios dos sistemas fluviais, que percorren as divisorias do val, poden ser comparables cronoloxicamente cos documentados ao longo da franxa costeira entre Baiona e A Guarda. Nestes obtivéronse datacións absolutas, por medio do C¹⁴, sempre posteriores ao 40.000 (Cano *et al.* 1997; Costa Casais 2001). Os depósitos de ladeira que se documentan na Serra do Galiñeiro poden ter una idade pleistocena, aínda máis se teñen unha orixe periglacial. Estaríamos diante dun depósito do Pleistoceno Superior, cunha cronoloxía comprendida entre os Estadios Isotópicos 5-2 (entre 80.000 e 10.000 anos), ou da glaciación do Würm como é coñecida tradicionalmente.

O EMPRAZAMENTO DOS XACEMENTOS

Como observamos é difícil falar doutro momento do paleolítico distinto do achelense, polo tanto centrarémonos neste período. O marco de referencia dos xacementos do Val Miñor é a das paleosuperficies precuaternarias sobre as que circulan os sistemas fluviais secundarios dende tempos pleistocenos. Esta situación é sumamente interesante, xa que este non é o escenario máis habitual para esta época, polarizado polos antigos fondos de val (Santonja e Pérez-González 2002). Como xa se

ten sinalado esta “sobrerepresentación” de xacementos en medios fluviais débese a cuestións derivadas da conservación do rexistro arqueolóxico e non tanto a un patrón específico de ocupación do territorio (Santonja e Pérez-González 2002). As características que se deron nestas penechairs (cursos de auga someras con escaso caudal e de curso atemporal) non parecen distanciarse demasiado das que se poden atopar en certas áreas fluviais. Se atendemos ás preferencias da ocupación achelense en contexto fluvial, as máis habituais asócianse aos vales laterais de augas tranquilas, en vez de ás ribeiras dos colectores primarios (Santonja 1996). Deste xeito parece que as chairas que rodean o val puideron ofrecer unhas condicións ecolóxicas, ata certo punto semellantes ás que podían ofrecer os fondos dos vales das grandes concas veciñas, nomeadamente a do Miño. Os recursos achegados por estes escenarios puideron servir de complemento ás ofertadas noutros escenarios, ou ben en determinadas ocasións e/ou estacións do ano, como fonte principal de sustento para os grupos de homínidos pleistocenos.

Como veremos axiña, o emprego de rochas alleas ao espectro litolóxico do val (a cuarcita), estanos a dar conta dun patrón de mobilidade moi interesante destes grupos de cazadores-colleitadores. O esforzo que implica a introdución de artefactos realizados neste tipo de rocha, indica que neste período debían existir no val importantes recursos alimenticios, que tivesen o suficiente atractivo como para provocar semellante investimento de tempo e enerxía. Ademais isto implica un importante grao de planificación e anticipación das actividades por parte destes grupos humanos.

CARACTERÍSTICAS TECNOMORFOLÓXICAS DAS INDUSTRIAS E AS XESTIÓN DE MATERIAS PRIMAS

O limitado das series consideradas e a falta de contexto estratigráfico fiable dificulta a formulación de aproximacións tecnolóxicas. A primeira circunstancia interesante é a derivada da sobrerepresentación de artefactos realizados en cuarcita, fronte aos realizados sobre o cuarzo. Esta situación non debe ser significativa dunha xestión encamiñada á explotación sistemática da cuarcita. En todo caso trataríase máis ben dunha selección derivada da recuperación en superficie da industria lítica, onde a cuarcita é máis facilmente recoñecible que o cuarzo. A existencia, na contorna inmediata, dos propios xacementos de cuarzos coa calidade e o tamaño apropiado para a súa utilización reafirma esta idea, como xa se ten comprobado noutros xacementos achelenses próximos (Méndez Quintas 2007).

A cuarcita empregada non se atopa nos límites do propio val, a non ser en pequenas porcentaxes na terraza mariña de +1-2 m aludida anteriormente. A fonte de aprovisionamento máis probable está na conca do río Miño, que presenta na súa carga aluvial abundante cuarcita. As distancias medias entre os puntos con industria e as fontes de abastecemento máis próximas son da orde de 10 Km para os emplacements do Maúxo e de algo máis de 7 Km para a Serra do Galiñeiro ou Chan do Cereixo. Isto estanos a definir unha estratexia pouco corrente para esta época, tanto en canto o máis habitual no achelense peninsular e un abastecemento de carácter local, (Santonja 1996). No estado actual do coñecemento é difícil saber se os artefactos eran fornecidos xa configurados os xacementos ou se pola contra estes eran formalizados no propio sitio. Se atendemos á distancia existente entre as fontes de abastecemento e as áreas de intervención, isto podería indicar que unha

boa parte dos artefactos serían achegados xa configurados os xacementos. Esta estratexia xa foi documentada noutros enclaves próximos tal como o das Gándaras de Budiño (Méndez Quintas 2007). Agora ben isto non implica que non se achegasen bloques de materia inicializados ou en fase de explotación, como xa se constatou en coleccións como a de Chan do Cereixo. Como exemplo desta circunstancia podemos presentar os bifaces, que amosan longas secuencias de redución (gran número de extraccións), derivados moi posiblemente do repetido reavivado dos fíos.

A maior parte das coleccións están polarizadas polo macroutilaxe, especialmente bifaces e en menor medida fendedores. Por contra os produtos característicos das fases de explotación, tales como lascas e núcleos, están escasamente representados. Isto pode vir imposto tanto por condicionantes derivados de seleccións sedimentarias, como polas circunstancias da recuperación dos materiais que dificulta a identificación deste tipo de pezas. Sobre os sistemas de explotación sabemos da existencia de estratexias unidireccionais unificiais e bifaciais, por outro lado moi comúns nas series achelenses da zona (Méndez Quintas 2007). Así mesmo temos evidencias consistentes no val do emprego de métodos de redución levallois.

Os retocados sobre lasca están presentes, case exclusivamente, baixo a forma de raedeiras, con delineacións tanto laterais como transversais. Por contra as formas máis progresivas, dobres e converxentes, están polo de agora ausentes. Ao lado destes atopamos algúns denticulados e perforadores ben conseguidos, aínda que numericamente pouco representativos. Estas circunstancias constátanse noutras series achelenses rexionais (Méndez Quintas 2007).

O grupo dos bifaces está dominado polas formas apuntadas (amigdaloides e lanceoladas) coas bases reservadas. En menor medida temos outras morfoloxías tales como as ovais, limandes ou os fíos transversais. Normalmente estamos perante verdadeiros bifaces con xestión bifacial e planos de simetría frontal e bilateral ben logrados. Isto non implica que aparezan esbozos ou lascas con talla parcial, que propiamente son grandes retocados, ou que procuren a obtención de extremidades apuntadas (Méndez Quintas 2007, Méndez *et al.* 2006). Normalmente presentan arestas rectilíneas, froito da regularización miúda dos fíos.

Os fendedores aparecen nun número substancialmente inferior ao dos bifaces, relación que tamén se constata noutras series galegas. O fendedor tipo é o realizado sobre unha lasca de descascado de grandes dimensións, que presenta escasos retoques de acondicionamento posteriores (Méndez Quintas 2007, Méndez *et al.* 2006). Con independencia desta circunstancia a morfoloxía dos mesmos é case sempre equilibrada, xa que a lasca soporte amosa unha morfoloxía regular. A presenza doutras variedades é máis reducida, aínda que dan mostra dun elevado grao de sofisticación tecnolóxica.

CONCLUSIÓNS

Como puidemos comprobar o número e as evidencias da ocupación paleolítica, en especial dos seus intres máis recuados, é no caso do Val Miñor importante. O número de estacións e a súa distribución indican que unha parte importante da xeografía do val leva sendo ocupada dende moi antigo.

Nun intre como o actual onde se están a reactivar as investigacións galegas sobre as primeiras etapas da presenza humana, o Val Miñor está nunha posición de cabeza. A existencia de industrias tipicamente achelenses son unha constante en todo o val. Aínda que non contamos con datacións absolutas para os nosos xacementos, a súa clara relación coas industrias achelenses do Miño, datadas na segunda metade do Pleistoceno Medio (Méndez Quintas 2008) e por ende do resto das industrias achelenses peninsulares, sitúaos ao longo do Pleistoceno Inferior e Medio (entre 780.000 e 100.000 anos B.P.).

Estes xacementos ademais dan mostra dunha xestión do territorio moi planificada e manifestan un elevado grao de anticipación dos grupos de homínidos. As condicións do val naquel tempo impulsou repetidamente a estas comunidades a achegarse ata o Val Miñor, cargados con boa parte das súas ferramentas, para explotar os recursos que estas terras lles ofrecían.

NOTAS 1 Sobre o topónimo Groba consúltese neste mesmo número o artigo dedicado á Cova da Moura do Foral da Groba.

BIBLIOGRAFÍA

- BUTZER, K. W. (1967): "Geomorphology and Stratigraphy of the Palaeolithic site of Budiño". *Eiszeitalter und Gegenwart, Band 18, Ohringen/Würt.* 31-32, pp. 82-103.
- CANO PAN, J. A.; VIDAL LOJO, M. e VÁZQUEZ LIZ, P. (2000): "O túmulo de Os Consellos (Nigrán, Pontevedra)". *Brigantium* 12, pp. 85-92.
- CANO PAN, J.A.; FUMANAL, P.; FERRER, C.; USERA, J.; BLÁZQUEZ, A. M. e OLMO, J. (1997): "Evolución de la Costa meridional de Galicia durante el Cuaternario superior". RODRÍGUEZ VIDAL, J. (ed.): *Cuaternario Ibérico*. A.E.Q.U.A, pp. 33-46.
- COSTA CASAIS, M. (2001): *Análise Sedimentaria e Reconstrucción Paleambiental da Costa Atlántica Galega*. Tese de Doutoramento en CD-ROM. Universidad de Santiago.
- COSTAS GOBERNA, F.J. e FERNÁNDEZ PINTOS, J., (1984): *Petroglifos del Litoral sur de la Ría de Vigo (Valle Fragoso y Miñor)*, Publicacións do Museo Municipal "Quiñones de León", nº 8.
- COSTAS GOBERNA, J.B. e GROBA GONZÁLEZ, X. (1997): "Os primeiros poboadores". En COSTAS GOBERNA, J.B.; GROBA GONZÁLEZ, X.; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A.S.; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, M.A. e VAQUEIRO RODRÍGUEZ, M.: *Historia da Chandebrito*. Comunidade de Monte en Man Común de Chandebrito e Concello de Nigrán, pp. 43-54.
- COSTAS GOBERNA, J.B.; GROBA GONZÁLEZ, X. e MÉNDEZ QUINTAS, E. (2007): "A Industria lítica de Chan de Laghoas (Coruxo) e o Paleolítico Inferior e Medio no Concello de Vigo". *Castrelos 13*. Museo "Quiñones de León" de Vigo, pp. 72-80.
- FERNÁNDEZ COSTAS, M (1930): "Notas en col do Asturiense na bisbarra d'a Guardia. Campaña de 1929". *Revista Nós* nº 83, pp 212-217.
- FILGUEIRA VALVERDE, J e GARCÍA ALÉN, A (1975): "Adiciones a la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra. Inventario de localidades con hallazgos paleolíticos". *El Museo de Pontevedra* XXIX, pp. 57-88.
- GARRIDO RODRÍGUEZ, J. (1978): "Nueva estación Paleolítica en Portavedra, Gondomar (Pontevedra)". *El Museo de Pontevedra* XXXII, pp. 49-74.
- GROBA GONZÁLEZ, X. (2004): "Patrimonio arqueolóxico asociado" En VAQUEIRO RODRÍGUEZ, M.; GROBA GONZÁLEZ, X. e RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A.: *O Folón (Coruxo) e as outras covas do sur de Vigo*. Coordina Clube Espelolóxico Maúxo. Edita Asociación de Veciños de Coruxo, pp. 27-52.
- MARTÍN-SERRANO, A. (1994): "Macizo Hespérico Septentrional". En GUTIÉRREZ ELORZA, M. (ed): *Geomorfología de España*, Editorial Rueda, pp. 25-62.

- MEIRELES, J. (1992): *As industrias Líticas Pré-Históricas do litoral Minhoto. Contexto Cronoes-tratigráfico e Paleoambiental. Cadernos de Arqueologia, Monografias n° 7.*
- MÉNDEZ QUINTAS, E. (2002): "Industrias líticas talladas no sur da Ría de Vigo". *Historia Nova IX-X*. Asociación Galega de Historiadores, pp. 69-191
- MÉNDEZ QUINTAS, E. (2005a): "Estudio da industria lítica de O Viveiro (Camos, Nigrán). Nova área de concentración de material arqueolóxico no Maúxo". Informe Clube Espeleolóxico Maúxo, Inédito.
- MÉNDEZ QUINTAS, E. (2005b): "Cavidades entre a Idade do Bronce e o Paleolítico". En VAQUEIRO RODRÍGUEZ, M.; GROBA GONZÁLEZ, X.; GARCÍA GARCÍA, M.; COSTAS GOBERNA, J.B.; OTERO DACOSTA, T.; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A; e MÉNDEZ QUINTAS, E.: "As covas de Vincios". Comunidade de Montes en Man Común de Vincios e Clube Espeleolóxico Maúxo, pp. 187-210.
- MÉNDEZ QUINTAS, E. (2007): "El yacimiento achelense de As Gándaras de Budiño. La industria en facies fluviales". *Complutum 18*. Departamento de Prehistoria. Universidade Complutense de Madrid, pp. 27-45.
- MÉNDEZ QUINTAS, E. (2008): "As ocupacións achelenses das terrazas medias da conca baixa do río Miño". *Gallaecia 27*. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela, pp. 7-33.
- MÉNDEZ QUINTAS, E. e COSTAS GOBERNA, J. B (2003): "Novos datos sobre o Paleolítico Inferior no Val Miñor: o xacemento da "Laghoa dos Bromús-Os Arruidos" (Vincios, Gondomar)". *Revista de Estudos Miñoranos n° 3*, pp. 23-34
- MÉNDEZ QUINTAS, E.; VILLAR QUINTEIRO, R.; SANTONJA GÓMEZ, M.; PÉREZ-GONZÁLEZ, A. e LEDO BERNARDEZ, M. (2006): "Valoración preliminar del yacimiento paleolítico de Portomaior, As Neves, Galicia". *Miscelánea a Homenaje a Victoria Cabrera. Zona Arqueológica 7*. Museo Arqueológico de la Comunidad de Madrid, pp. 184-192
- NONN, H. (1966): *Les Régions Côtières de la Galice (Espagne). Étude géomorphologique*. Publications de la Faculté de Lettres de L'université de Strasbourg.
- PLIEGO DONES, D.V., ABRIL HURTADO, J. e RUBIO NAVAS, J. (1981): *Mapa Geológico de España escala 1:50.000, 2º Serie (MAGNA)*. Hoja de Tuy, 261, IGME.
- RODRÍGUEZ SEOANE, M. e DÍAZ ÁLVAREZ, P. (1973): *Noticias de prehistoria en torno a Vigo y su Ría*. Caja de Ahorros Municipal de Vigo.
- SANTONJA, M. (1996): "The Lower Paleolithic in Spain: sites, raw materials and occupation of the land". MOLONEY, N.; RAPOSO, L. e SANTONJA, M. (ed.): *Non-Flint Stone Tools and the Palaeolithic Occupation of the Iberian Peninsula*, BAR International Series 649, pp. 1-20.
- SANTONJA, M. e PÉREZ-GONZÁLEZ, A. (2002): "El Paleolítico Inferior en el interior de la Península Ibérica. Un punto de vista desde la Geoarqueología". *Zephyrus LIII-LIV*, 27-77.
- SANTONJA, M. e VILLA, P. (2006): The Acheulean in Southwestern Europe. En GOREN-INBAR, N. e SHARON, G. (ed.): *Axe Age. Acheulian Tool-making from Quarry to Discard*, Equinox Publishers, pp. 429-478.
- VÁZQUEZ ROZAS, R (1997): "Un nuevo pico asturiense en la Playa de Patos (Nigrán, Pontevedra)". *Castrelos n° 9-10*, pp. 7-10.
- VIDAL ENCINAS, J. M. (1981): "La industria lítica de la estación achelense de Portavedra". *El Museo de Pontevedra XXXV*, pp. 55-85
- VILAR PEDREIRA, X.L. (2006): *Talasonimia, da Punta do Caranquexo (Panxón) á Regueira Ancha da Gándara (Salcidos)*. Traballo de Investigación Dirixido (TID), Universidade de Santiago de Compostela. Inédito.
- VIDAL ROMANÍ, J. R. e VAQUEIRO RODRÍGUEZ, M. (2007): *Programme and Field Trip Guides. International Conference on Granite Caves*. Servicio de Publicacións da Universidade de A Coruña, pp. 37-39.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (2003): "Vintecinco anos do descubrimento de Chan do Cereixo (Portavedra, Gondomar): a doazón de Xaime Garrido ao Museo do Pobo Galego (Santiago)". *Revista de Estudos Miñoranos n° 3*, 5-21.
- ZAZO, C.; GOY, J.L.; BARDAJÍ, T.; GONZÁLEZ, A.; HILLAIRE-MARCEL, C.; DABRIO, J. C.; LARIO, J.; CIVIS, J.; LUQUE, L.; GHALEB, B.; BORJA, F.; SILVA, F. G.; GONZÁLEZ-HERNÁNDEZ, F.; SOLER, V. e GILLOT, P-Y. (2004): "El efecto de los ciclos climáticos en las variaciones del nivel del mar". *Zona Arqueológica 4, Volumen I: Geología*, pp. 156-167.